

Texto: **XULIO GUTIÉRREZ**

Ilustracións: **NICOLÁS FERNÁNDEZ**

Encadernado en cartóné. 36 páxinas en color.

Colección Animais Extraordinarios. 24x34 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Construtores". ISBN 978-84-96957-79-4

-Castelán: "Constructores". ISBN 978-84-96957-78-7

-Portugués: "Construtores". ISBN 978-989-8205-43-8

Prezo: 16 €

CONSTRUTORES

Animais extraordinarios

...Hai aves que constrúen niños sorprendentes pola súa intrincada arquitectura, mamíferos que escavan complexas vivendas subterráneas, insectos minúsculos que erguen edificios enormes e arañas que tecen elaboradas estruturas de caza. Todos son expertos construtores que sobreviven grazas á súa habilidade...

Un libro instrutivo, ameno, ben estruturado e de gran atractivo visual, que comeza situando o lector ante os diversos grupos de reino animal, con exemplos de cada un. Por terra, mar e aire, de norte a sur, por todos os continentes, selecciona unha serie de animais e ofrece un volume de información ben dosificada sobre as súas características, localización e costumes, centrándose na súa forma de acomodarse no habitat, isto é, de construir o seu fogar.


Unha invitación aos lectores para que entren nas casas de certos animais, ás que os humanos raramente temos acceso, nen físico nen intelectual. Esta visita científica e visual polos niños, tobos e goridas máis espectaculares, permitíranos coñecer aspectos da súa que nos deberían mover emocionalmente para comprendelos, respectalos e protexelos. Esta obra, recomendada non só para o eido escolar, senón para todos os lectores interesados no medio ambiente, abrialles as portas ao fascinante mundo dos animais.

XULIO GUTIÉRREZ

É profesor do IES de Pobra do Caramiñal (A Coruña). Pertence á Sociedade Galega de Educación Ambiental, creada en 2001 para aglutinar o traballo de profesionais de diversos sectores comprometidos coa educación ambiental. É autor de máis de 20 libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas. Xunto con Chema Heras, participou como coautor na edición de "Pequechos", unha colección de libros sobre as crías dos animais procedentes de diversos ecosistemas, coa que principiou a colección de Ciencias de FAKTORIA K.

NICOLÁS FERNÁNDEZ

Ilustrador de natureza autodidacta afincado na Coruña. A maior parte dos seus traballos son acuarelas e bosquejos de fauna e flora, especialmente aves. Publicou dous libros como autor: "Guía de campo de la Comunidad Valenciana" e "Espacios Naturales de la Comunidad Valenciana". Tamén traballou como ilustrador para distintas publicacións, enciclopedias, organismos oficiais, libros, xornais e revistas. A súa obra expúxose en salas de toda España. Compaxina o seu traballo como ilustrador co deseño gráfico e multimedia, actualmente nunha empresa de xestión ambiental.



- **Temática:** libro de animais e natureza
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións artísticas de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; inclúe anexo final con fichas de cada un e glosario
- **Especies:** castor, can das praderías, ave martelo, republicano, peto real, espiñento, avésa de cara branca, térmita construtor, cangrexo ermitán común, araña de auga, miñoca abano, coral

